

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de abril de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Lucía Molares Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día once de abril de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm^a. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(291).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do ordinaria e extraordinaria e urxente do día 21 de marzo de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(292).- SENTENZA DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 11 DE VIGO NA DEMANDA DE XUÍZO ORDINARIO Nº 910/03 G INTERPOSTA POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA EN EXERCICIO DE ACCIÓN DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL SITO NO INMOBLE DA RÚA CARRAL Nº 35. DESESTIMADA.

Dáse conta da sentenza de data 29.03.05, dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 11 dos de Vigo na demanda de xuízo ordinario referido, que falla o seguinte:

Que desestimando a demanda interposta pola procuradora D^a. Natalia Escrig Rey, en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, debo absolver e absolve a D. Enrique Cuquejo Taboada das pretensións contidas no suplico da demanda, con imposición á parte demandante das custas procesuais causadas.

A Xunta de Goberno local, visto o informe da letrada da Asesoría Xurídica deste Concello, do 7.04.05, conformado polo titular da Asesoría Xurídica, acorda:

1º.- Quedar enterada do contido da sentenza do 29.03.05 correspondente ao xuízo ordinario nº 910/03-G.

2º.- Non presentar recurso de apelación contra a referida sentenza.

3(293).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAÚL” PARA AXUDA AO MANTEMENTO DUN COMEDOR INFANTIL NA ZONA DO CALVARIO-DOBLADA. EXPTE. 11321/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.03.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, coa entidade “Sociedad San Vicente de Paúl” CIF. G-36.763.860, colaboradora co departamento de Benestar Social cunha vixencia ata o 31.12.06, para a atención de persoas e familias en estado de necesidade, por un importe de 8.809,47 € anuais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A SOCIEDADE SAN VICENTE DE PAÚL PARA AXUDA Ó MANTEMENTO DUN COMEDOR INFANTIL NA ZONA DO CALVARIO- DOBLADA.

Vigo, a marzo de 2005

Reunidos

Dunha parte:

A Ilma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte:

Don José Fortes Muradás DIN 34.417.510 B, como Presidente do Consello Local da sociedade “San Vicente de Paúl”, con enderezo, a efectos de notificación na rúa Palencia nº 26, baixo, CIF, 36.763.860

Ámbalas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

- 1. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicos Sociais ", sendo competencia de obrigado exercicio para os municipios de máis de 20.000 habitantes.*
- 2. Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicos Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servicos sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a*

proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinação.

3. *Que a Sociedade San Vicente de Paúl ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción.*
4. *Que a Sociedade San Vicente de Paúl en Vigo, adícase a atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, porporcionándolles alimentos, roupa e colaborando con outras asociacións humanitarias como voluntariado*
5. *Que a Sociedade SanVicente de Paúl constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicios sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicios Sociais.*
6. *Que a Administración Publica pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.*
7. *A lei de Servicios Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos, entre elas, a colaboración no fomento dos servicio sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración*

Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L A U S U L A S

Primeira.-

O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e a Sociedade “San Vicente de Paúl” é dotala dos medios necesarios para o mantemento dun comedor infantil con 40 prazas, na zona da Doblada – Calvario xa que nesta zona da cidade carecese de centros escolares que dispoñan deste servicio.

Segunda.-

A Sociedade “San Vicente de Paúl” comprométese a manter aberto o citado comedor tódolos días lectivos marcados no calendario escolar poidendo acollerse o mesmo período de vacacións que teñen os centros escolares.

Terceira.-

A Sociedade “San Vicente de Paúl” poderá contratar a cantas persoas necesite para o mellor funcionamento do citado comedor. Estos contratos estarán suxeitos á lexislación laboral vixente sen que, en ningún caso, esta relación que se establece cos/coas profesionais supoña unha relación laboral co Excmo. Concello de Vigo.

Cuarta.-

O presente convenio terá unha duración de dous anos, entrando en vigor o 01/01/2005 e rematando o 31/12/2006, sen que se estableza prórroga automática.

O presente convenio extinguirase igualmente no caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

Neste caso deberanse reintegra-las cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ó fin previsto.

Ó longo da súa vixencia as partes, de común acordo, poderán amplia-lo obxecto do presente convenio coas contraprestacións que se acorden e sempre que exista consignación orzamentaria para elo, previo informe da Comisión Mixta.

Quinta:

Para a realización das actividades descrita no presente convenio, o Concello aportará a cantidade de 8.809,47 € anuais.

O 50% da cantidade anual pagarase ó comezo do exercicio e a cantidade restante no momento que se xustifiquen os gastos realizados certificados polo funcionario/a municipal responsable do programa.

Sexta.-

A Sociedade “San Vicente de Paúl” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo de comedor facéndose responsables dos danos e prexuízos que se puideran derivar do seu incumprimento.

Sétima.-

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas da actividade, funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da Sociedade “San Vicente de Paúl” e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a responsable dos servizos sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribi-los convenios que crea conveniente coas distintas ou administracións para este mesmo fin sen que isto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo, reservase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

A Sociedade “San Vicente de Paúl” comprométese a enviar trimestralmente a relación de nenos e nenas que foron usuarios dos seus servizos.

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio, o día indicado, os representantes das partes.

4(294).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS TOXICÓMANOS “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES (PISOS DE APOIO AO TRATAMENTO). EXPTE. 11272/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.03.05, e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o convenio de colaboración a subscribir coa Asociación ÉRGUETE, NI G-36.642.726, para o desenvolvemento dun programa de apoio residencial para pacientes drogodependentes, cunha vixencia comprendida entre a súa sinatura e o 31.12.05, cunha contraprestación de 36.000 €, pola disposición de sete prazas nos pisos dos que dispón.

Autorizar á Delegada da Área de Participación Cidadá, D^a Marta Iglesias Bueno, para asinar o mentado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS TOXICÓMANOS
“ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL
PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES (PISOS DE APOIO Ó TRATAMENTO)

En Vigo, a de de 2005

Reunidos:

Dunha parte, D. Ignacio J. López-Chaves Castro, na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo, por Decreto de delegación de data 02/01/04, autorizado para firma-lo presente convenio por acordo da Xunta de Goberno Local **de data**

E doutra, D. Manuel Álvarez Vilar, na súa calidade de Presidente da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior.

Ambas partes segundo acordo:

E X P O Ñ E N

Primeiro.- Que o Concello de Vigo ven prestando servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por medio da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, autorizada por Resolución da Consellería de Sanidade de data 27/12/93, en cumprimento do establecido na Orden de 7 de xullo de 1988 (D.O.G. nº 195, de 10 de outubro).

Segundo.- Que a Asociación “Érguete” de axuda ó toxicómano, inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, ven desenvolvendo as súas actividades no campo das drogodependencias cunha presenza moi activa, arraigada e con prestixio, levando a cabo diversos programas de axuda, figurando inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia, configurándose como un apoio fundamental na parte asistencial. Así mesmo “ÉRGUETE” foi declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo.

Terceiro.- O obxectivo final de calquera programa de tratamento na área das drogodependencias é axudar ós pacientes a conseguir grados de autonomía persoal que lles permita desenvolver estilos de vida máis saudables e normativos. Desde este principio, o traballo asistencial dirixido a promover a incorporación social, educativa e laboral dos pacientes constitúese nun pilar fundamental para a obtención de resultados estables a medio e largo prazo.

Os programas de intervención da área social das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) sopórtanse, nunha gran medida, mediante a coordinación cos recursos sociais xerais. Desta maneira, e a pesar da desproporción entre demanda e recursos, conséguese atender parte da grave problemática social normalmente asociada ás drogodependencias.

Sen embargo, algúns aspectos básicos para a incorporación dos pacientes son de difícil abordaxe desde esta rede xeral de asistencia social. Un exemplo encontrámolo no obxectivo terapéutico de maduración persoal, laboral e social; necesaria para lograr niveis adecuados de autonomía. O traballo terapéutico dirixido á interiorización de aspectos tales coma a hixiene e autocoidado, a alimentación, os ritmos sono-vixilia, os hábitos laborais e de ocio saudables, as habilidades sociais, a planificación e administración de recursos, entre outros, son de difícil abordaxe desde os dispositivos de tipo ambulatorio. Para traballar nestes obxectivos, resulta de especial interese contar con recursos específicos de apoio para drogodependentes en tratamento.

A Rede Asistencial de Drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas conta con recursos de tipo semi-residencial (Unidades de Día – Uds) e residencial (Comunidades Terapéuticas – CTs). Especialmente este último tipo, aínda de réxime cerrado e con prazas insuficientes, permite un traballo intensivo sobre as áreas necesarias para lograr obxectivos dirixidos á autonomía. A Rede non conta con dispositivos propios de apoio

residencial en réxime aberto, pero algúns dispositivos asistenciais contan co apoio de recursos do tipo de pisos de acollida e terapéuticos xestionados por ONGs.

O actual proxecto pretende desenvolver un programa de apoio residencial para pacientes que realizan tratamento da súa drogodependencia na UAD “CEDRO”, dispositivo asistencial xestionado polo Concello de Vigo, mediante convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade no marco do Plan de Galicia sobre Drogas.

Cuarto.- Que tanto o Concello de Vigo como a Asociación “ÉRGUETE”, en resposta a esa necesidade, e seguindo a liña de colaboración que sempre mantiveron, comezaron hai tres anos unha experiencia de pisos de apoio ó tratamento que se avaliou como un recurso interesante que debe continuar, polo que mostran a súa disposición a convenir novamente el programa para usuarios da UAD de CEDRO, baseado nas seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Vigo e a Asociación “ÉRGUETE” establecen un convenio de colaboración que ten coma obxectivo a creación de prazas residenciais terapéuticas para persoas maiores de idade que se atopen nun programa asistencial de tratamento de drogodependencias na Unidade Asistencial CEDRO.

Estas prazas servirán para o desenvolvemento do programa de apoio residencial.

SEGUNDA.- Os obxectivos xerais do programa cínguense ós seguintes:

- Facilita-lo apoio residencial para o bo seguimento do tratamento.
- Contribuír á inserción social, laboral e persoal de pacientes con alto risco de exclusión.

Coma obxectivo específicos sinálanse:

- Fomentar habilidades sociais como a convivencia e a responsabilidade.
- Aumenta-la capacidade laboral a través de formación e busca activa de emprego.
- Potencia-la independencia económica e polo tanto persoal.
- Eliminar prexuízos persoais sobre actitudes sociais.

TERCEIRA.- O programa de apoio residencial achegase como anexo ó presente convenio, así como a normativa ou regulamento que servirá para o seu funcionamento, protocolo de derivación e consentimento informado.

CUARTA.- A Asociación “ÉRGUETE” dispón, en pleno funcionamento, de dous pisos cun total de 14 prazas entre homes e mulleres, dotados do persoal e medios necesarios para o cumprimento dos fins deste programa.

Deste total, “ÉRGUETE” pon a disposición da Unidade Asistencial de Drogodependencias “CEDRO” do Concello de Vigo, un piso con sete prazas, coas características do anexo citado.

Ámbalas dúas partes deixan constancia de que si durante a vixencia do presente convenio as circunstancias e a demanda o aconsellaran, pódese ampliar de mutuo acordo o número de prazas coa conseguinte contraprestación económica se as posibilidades orzamentarias o permitisen e previos acordos oportunos.

QUINTA.- O presente convenio non suporá, en ningún caso, relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo, do persoal de “ÉRGUETE”, que atende o recurso conveniado.

Da mesma forma “ÉRGUETE” responsabilízase das obrigas laborais que o persoal que presta seus servizos no recurso conveniado lle correspondan, así como da cobertura por responsabilidade civil, incendio, etc.

SEXTA.- En contraprestación a este servicio, o Concello comprométese ó pago, no 2005, da cantidade de 36.000 Euros con cargo á partida 227.06.05, do programa 4123, do orzamento.

O pago da contraprestación efectuarase da seguinte maneira; un 50%, é dicir 18.000 Euros á formalización do convenio, un 25% no mes de xuño e o 25% restante no mes de decembro do ano en curso previa conformidade da Dirección da UAD "CEDRO" ou Xefatura do Sector de que o servicio foi prestado de conformidade.

Así mesmo, e como figura no anexo, a UAD "CEDRO" aportará o apoio técnico necesario para as actividades terapéuticas que se desenvolvan.

SÉTIMA.- Para o seguimento, control técnico e avaliación do programa crease unha comisión técnica composta por persoal de ambas partes, composta por dous membros por cada un dos asinantes.

Así mesmo, establecece unha Comisión Mixta de seguimento que, presidida polo titular da Concellería responsable da UAD "CEDRO", compoñerán os membros da Comisión Técnica mais un representante da cada unha das partes.

Esta Comisión mixta resolverá as controversias, dúbidas e interpretación na aplicación do presente convenio.

OITAVA.- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará en vigor ata o 31/12/2005.

En proba de conformidade, firman o presente na data indicada.

5(295).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO (AFAN) PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS E FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 11308/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.03.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, coa entidade "Asociación Freixeiro de Ayuda al Necesitado" CIF. 36.660.348, colaboradora co Departamento de Benestar Social cunha vixencia ata o 31.12.06, para a atención de persoas e familias en estado de necesidade, por un importe de 13.618,94 € anuais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)

*Vigo, a de marzo de 2005
Reunidas*

Dunha parte:

A Ilma. Sra Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. concello de Vigo, nomeada na súa sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte:

Dona Hortensia González Fernández DNI 35914549 A como presidenta da Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) representante legal desta organización en Vigo con enderezo a efectos de notificación na rúa Pastora 44, NIF 36.660.348.

Ámbalas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

- 1. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos Concellos exerzan a "prestación de Servicios Sociais ", sendo competencia de obrigado exercicio para os municipios de máis de 20.000 habitantes.*
- 2. Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servicios sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinação.*
- 3. Que a "Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado", no sucesivo "AFAN" ten como obxectivo a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción, facilitándolle os medios necesarios o seu alcance, para o seu total desenvolvemento.*
- 4. Que "AFAN" adícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento.*
- 5. Que a Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servicios sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servicios Sociais.*
- 6. Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.*
- 7. A lei de Servicios Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servicio sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración*

Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L A U S U L A S

Primeira.-

O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado, no sucesivo "AFAN", é a colaboración na atención de persoas e familias en estado de necesidade coas que traballan habitualmente ámbalas dúas institucións, e que residan no termo municipal, mediante a execución de proxectos individuais de inserción. AFAN facilitará os seus usuarios información para o acceso ós Servicios Sociais normalizados de Atención Primaria e a aplicación dos recursos institucionais que correspondan, perseguindo a súa inserción social.

Segunda.-

AFAN comprométese á admisión de tódalas familias que accedan por primeira vez a solicitude de atención, remitíndoas cara os Servicios Sociais, e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso, así mesmo atenderá ás persoas que lle sexan

remitidas desde o Departamento de Benestar Social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación.

O local social da entidade atópase situado na zona de Freixeiro e dispón de roupeiro, almacén de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, así como amplos salóns para a realización de actividades.

Terceira.-

O presente convenio de colaboración terá unha duración de dous anos, entrando en vigor o 01/01/2005 e rematando o 31/12/2006, sin que se estableza prórroga automática.

Este convenio extinguirase igualmente no caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo.

Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas o fin previsto.

Cuarta.-

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 13.618 € anuais.

O 50% da cantidade anual pagarase ó comenzo do exercicio e a cantidade restante no momento que se xustifiquen os gastos realizados, certificados polo funcionario/a municipal responsable do programa.

Considéranse gastos imputables ó convenio: gastos de alimentos básicos, mantemento de transporte propio da Asociación, gastos de recollida de enseres e distribución dos mesmos, gastos de luz e teléfono. Así coma o mantemento da asociación en materia de comunicación e traballo administrativo.

Os denominados pola entidade “vales de emerxencia” terán que vir acompañados do correspondente recibo ou ticket da prestación do servizo ou compra do ben subvencionado ademais dos datos de identificación das persoas beneficiarias coa finalidade de ter constancia da prestación nos servizos sociais de zona.

Quinta.-

“AFAN” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexta.-

A Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e perxuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Sétima.-

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crearase unha Comisión mixta de seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN) e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a encargado dos Servizos Sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribi-los convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que esto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

O presente Convenio quedará fora do ámbito de aplicación da Lei de contratos das administracións públicas.

En proba da súa conformidade asinan o presente Convenio o día indicado polos representantes das partes presentes.

6(296).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN HOY POR MAÑANA PARA A DISPOSICIÓN DE PARZAS DE GARDERÍA ESPECIALIZADA EN MENORES CON DISCAPACIDADE. EXPTE. 11311/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 30.03.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 21.03.05, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, a delegada de Participación Cidadá e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Hoy Por Mañana, para dispor de prazas de guardería especializada para menores con discapacidade.

2º.- Aprobar á disposición dunha cantidade de 6.000 € (SEIS MIL) EUROS, con cargo á partida 3130.227.06.09 de Benestar Social, como aportación municipal a este convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACION HOY POR MAÑANA

En Vigo a de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte:

A Ilma. Sra. Dna. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, nomeada na sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, e en representación do mesmo, segundo dispón a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

doutra

Dª. Elena Piñeiro García, Presidenta da Asociación Hoy por mañana, inscrita no Rexistro Provincial de Entidades do Goberno Civil de Pontevedra co número 3832, con CIF : G-36806917; con capacidade para asina-lo presente convenio segundo di no artigo 40 dos estatutos da mesma.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para conveniar en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1.- Que as accións desenvolvidas para a atención dos menores discapacitados, petentes a unidades familiares en situación de desvantaxe social dende equipos multidisciplinares, relacionando institucións como a escola, os servicios sociais, e a propia familia, estanse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

O Concello de Vigo, diante desas necesidades, relacionadas coa problemática que se amosa nas unidades familiares que está a atender dende o seus servicios sociais de atención primaria, ten iniciado accións para atender aquelas.

Artellar unha estrutura que atenda a problemática dos menores e a súas familias , tanto a vivida ou sentida como a provocada en terceiros, é unha prioridade a considerar na acción social a desenvolver dende a estrutura municipal

2.- As accións de carácter preventivo centradas na inadaptación social, téñense amosado como eficaces, polo que ese feito fai pensar na necesidade de continuar con elas.

3.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, os nenos e as nenas e os adolescentes e as adolescentes, no canto ós dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificado polo Reino de España.

4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e a adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

5.- A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, dí que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios públicos contribúan a satisfacer-las necesidades e aspiracións da comunidade.

6.- A Lei 4/1993, de 14 de abril, Galega Servicios Sociais, di no seu artigo 4º que os servicios sociais configúranse como un sistema intergado de protección social orientado á prestación programada de atencións e servicios que posibiliten a mellora da calidade devida e a participación das persoas ou grupos, especialmente daqueles que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións ,

7.- A Asociación Hoy por Mañana é unha entidade con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordeamento xurídico.

Segundo consta nos estatutos de dita Asociación, no seu artigo 3 di que as fins da asociación son “ promover el desarrollo integral de los niños afectados por parálisis cerebral y patologías afines, y remover los obstáculos que impiden su integración, así como apoyar a los padres y familiares afectados por este problema”

No artigo 4 se di que a asociación poderá organizar “todo tipo de actividades para conseguir la promoción e integración de estos niños, y pondrá en conocimiento de la opinión y de los poderes públicos, de las dificultades y carencias en su rehabilitación y educación”

8.- O Concello de Vigo recoñece á Asociación Hoy por Mañana, a súa capacidade para a realización das accións do proxecto, presentado ó Concello de Vigo e valoradas técnicamente polo persoal municipal.

9.- Este Convenio queda excluído do ámbito do Real Decreto Legislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar-las accións motivo de convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira : Obxecto - O Obxecto principal do presente convenio é a colaboración para a atención ós máis cativos con dificultades especiais, na guardería da citada etidade, sendo beneficiarios do mesmo, os nenos e nenas da cidade de Vigo en xeral que o precisen segundo valoración do Departamento de Benestar Social. Como obxecto secundario preténdese o apoio ós pais destes nenos para o desenvolvemento dunha vida o mais normalizada posible, tendo en conta que esta atención non se atopa cuberta polo sistema socio-educativo público.

A guardería atópase ubicada na rúa Sagunto 86 desta cidade, e conta con dúas unidades: una de 0 a 3 anos e outra de 3 a 6 anos, con seis nenos cada unha delas

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é contar por un período de tempo que non exceda do 31 de decembro de 2005, dunha serie de plazas na citada guardería da Asociación Hoy por Mañana, que non excederán de catro, nas que quedarán cubertos todos os servizos habituais neste tipo de servizo, que xa ven prestando a Asociación.

Terceira : Funcións - As entidades velarán pola correcta e profesional actuación no eido da integración social, e a atención ós máis desfavorecidos no ámbito de accións da guardería, dispoñendo os recursos materiais e humanos necesarios, sendo as encargadas de desenvolver as accións motivo do convenio.

A Asociación Hoy por Mañana, será a encargada de xestionar as accións que sexan necesarias para o funcionamento do centro motivo do convenio.

Será función do Concello de Vigo aporta-los recursos financeiros, supervisa-lo cumprimento das fins, e facilita-las accións motivo de convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - Serán destinatarios do proxecto os menores derivados polos profesionais dos Servizos Sociais Municipais, cando reúnan os requisitos acordados entre as partes.

Quinta : Duración - Terá vixencia durante o tempo que resta do presente ano, a contar dende a data da súa sinatura.

Sexta : Condicións económicas - As condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 6.000 (seis mil) euros, con cargo á partida 313.0.227.06.09. de Benestar Social.

O precio máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha do persoal encargado da organización, desenvolvemento ou calquera outra tarefa do proxecto, coa administración municipal.

Oitava : Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo e para a resolución de controversias, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante.

Novena : Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula decimoterceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - A entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un meirande control do proceso.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Asociación Hoy por Mañana, comprométese a:

a – Desenvolve-las actividades, proxectos, ou accións nestas plazas de guardería que sexan discutidos previamente por persoal técnico das entidades, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se podan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a persoal, publicidade, seguros, alugueres, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.

d - Presentar ó Concello un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre de acordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispo-los medios para que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara á súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h – Atende-las indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do Concello.

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa banda, comprométese a:

a – Garanti-la prestación adecuada das actividades e servizos motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b – Articula-los medios técnicos para a supervisión da axeitada cobertura das plazas conveniadas

Normas Complementarias:

Decimoterceira: - A pesares de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello de Vigo, poderá ser exceptuada aquela que, de xeito puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Tódolos materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade serán aportados pola entidade que desenvolve a acción, a Asociación Hoy por Mañana, excepto nos casos nos que sexa o Concello quen realice dita aportación, e como acordo entre as partes.

Así mesmo, por acordo expreso das partes asinantes do presente convenio, poderá contarse coa colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do obxecto do convenio, tanto polo que respecta a recursos humanos como técnicos ou de outro tipo.

Dita colaboración, (non puntual), deberá ser recollida nunha Addenda anexa ó presente convenio, coa conformidade dos asinantes do mesmo, e recollendo expresamente as condicións que sexan necesarias.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello quen teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimosétima - O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De se-la Asociación Hoy por Mañana a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimoitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 6.000 (seis mil) euros.

Decimonovena - O prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Vixésima- Pagamento: o Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 3.000 (tres mil) euros que supón o 50% do total, para facer fronte ós gastos xerados o comezo do convenio. Para elo o funcionario responsable municipal do Servizo de Benestar Social, encargado do seguimento da actividade, deberá certificar a data de comezo de programa. O segundo pago por un importe de 3.000 (tres mil) euros, que supón o segundo 50% do total do convenio, realizarase previa presentación pola unidade administrativa responsable do seu seguimento, da certificación do cumprimento do convenio.

Vixencia:

Vixésimoprimeira- O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2005.

De acordarse a continuación da colaboración entrambas entidades asinantes no proxecto motivo de asinatura do presente convenio, só será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, no caso de que se afecte ós contidos do presente de xeito significativo. De non ser así, bastará coa sinatura dunha addenda tras de ser realizado-los trámites administrativos necesarios.

Así mesmo, e como aparece recollido na Cláusula Decimocuarta, por acordo expreso das partes asinantes do convenio, a colaboración de calquera outra entidade que poida contribuir ó desenvolvemento do proxecto, deberá ser recollida nunha Addenda anexa.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de de dous mil cinco.

7(297).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/777/05, 12/0013/05,03/771/05, 12/790/05, 22/1020/05, 04/866/05. DENEGACIÓN EXPTE. 02/1233/05.

Examinadas as actuacións dos expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- Dª María Cabrera Fernández. Expte. 22/777.
- D. Manuel Baleiron Alonso. Expte. 12/0013/05.
- Dª María Teresa Costas Carrera. Expte. 03/771/05.
- D. Francisco Lima Arias. Expte. 12/790/05.
- Dª Flora Rita Lueiro Urtaz. Expte. 22/1020/05.
- D. Rastoil Tellagorry Olmedo. Expte. 4/866/05.

2º.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a Dª . María Carmen González González. Expte. 02/1233/05.

8(298).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2005.

De conformidade coas instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados pola Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO nos meses de xaneiro e febreiro de 2005, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACION	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
27-01-05	Desmontaxe e retirada de mobiliario do laboratorio e limpeza de canalons de recollida de augas	2120000	2000500003003	227,36 €	MARS, S.C.G.
02-02-05	Suministro de 55 caixas de 600 contenedores plasticos de 60 ml	2210900	200500003253	2.702,98 €	KERBAK, S.L.
02-02-05	Material de marroquineria, coiro e pel	2270600	200500003254	1.999,74 €	BERMEJO EULOGIO GALICIA, S.L.
03-02-05	Diverso material consumible (pineis, vidrios, pintura,...) para o obradoiro de actividades da Unidade de Día	2270600	200500003258	2.000,00 €	MELCHOR VISO SUCESORES, S.L.
03-02-05	Suministro de 24.000 contenedores UROTAP para urinoanálise	2210900	200500003256	3.081,60 €	LABORATORIO S ASOCIADOS NUPEL, S.L.
03-02-05	Suministro de diverso material funxible (vasos desechables, papel de filtro, auga bidestilada, bolsas plasticas,...) para o laboratorio	2210900	200500003260	7.985,00 €	BIOGAL, S.A.
16-02-05	Gastos de suscripcion a diversos periódicos para a "Taller de prensa" da Unidade de Día	2200100	200500004464	1.300,00 €	VARIOS

A Xunta de Goberno queda enterada.

9(299).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR UN ESTUDO DA SITUACIÓN BIBLIOTECARIA NO CONCELLO. EXPTE. 8817/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 18.03.05 e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura do 17.03.05, cofnormado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, CIF Q8650002B, para realizar unha investigación sobre a situación bibliotecaria no Concello de Vigo.

2º.- Autorizar un gasto a favor da Universidade de Vigo por importe a 41.342,40 € (corenta e un mil trescentos corenta e dous euros con corenta céntimos), con tódolos impostos e gastos engadidos, que se financiarán con cargo ó presuposto do Concello, partida 4510.227.06.00 “Distintos traballos técnicos.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE SITUACIÓN BIBLIOTECARIA NO CONCELLO DE VIGO

En Vigo a de de 2005

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais do Excmo. Concello de Vigo, CIF P3605700H, con enderezo en Praza do Rei s/n, 36202 de Vigo; no sucesivo o CONCELLO.

Doutra parte, Exmo. D. Salustiano Mato de la Iglesia, Vicerreitor de Investigación, en nome e representación da Universidade de Vigo por R.R. de 14/06/02, CIF Q-8650002 B, con sede no campus de Lagoas-Marcosende, de Vigo.

Ámbolos dous recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das respectivas entidade o presente convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN

I.- Que o Concello de Vigo está interesado en impulsar unha estrutura bibliotecaria na cidade de Vigo acorde coa súa realidade poboacional e social, para o que se precisa realizar o deseño dunha rede municipal de bibliotecas; a concellería de Asuntos Sociais constituíu un equipo técnico para establecer as características do estudo sobre a situación bibliotecaria da cidade e participar no deseño dunha rede municipal de bibliotecas.

II.- Que o Concello de Vigo está interesado na colaboración coa Universidade de Vigo para realizar un “Estudio da situación bibliotecaria do Concello de Vigo”; en consideración á experiencia de desenvolvemento bibliotecario da propia Universidade de Vigo e á súa capacidade investigadora.

II.- Que este é un traballo que se inclúe dentro dos obxectivos da Universidade de Vigo nos campos de estudio e a investigación, conforme co artigo 83.1 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

Polo que as partes acordan subscribir o presente convenio que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é a realización por parte da Universidade de Vigo do proxecto de investigación “Estudio da situación bibliotecaria no Concello de Vigo”, no que se estableza un diagnóstico da situación bibliotecaria actual da cidade, datos sobre poboación e a súa relación co territorio, que permitan ó Concello de Vigo o deseño dunha rede municipal de bibliotecas.

Segunda.- A Universidade de Vigo acepta realizar esta investigación de acordo co plano de traballo, persoal e orzamento que se especifican na memoria que se achega ó presente convenio de colaboración.

Terceira.- O responsable da realización dos traballos descritos nas estipulacións anteriores será o Catedrático Dr. Don Luís Espada Recarey.

Cuarta.- A duración prevista para a realización dos traballos será de catro meses, contados a partir da data de sinatura do presente convenio.

Quinta.- O presuposto xeral deste proxecto ascende a 41.342,40 € (corenta e un mil trescentos corenta e dous euros e corenta céntimos), co IVE e tódolos impostos e gastos incluídos; que se financiarán con cargo á aplicación presupostaria 4510.22706.00 “Distintos traballos técnicos” do presuposto do Concello de Vigo, con cargo ó presuposto vixente en 2005.

Sexta.- O pagamento da mencionada cantidade realizarase contra facturas emitidas pola FUNDACIÓN EMPRESA UNIVERSIDADE GALEGA (FEUGA), de acordo co convenio establecido entre ámbalas dúas entidades de data 30/06/99, a través do cal a Universidade de Vigo delega a xestión económica dos seus contratos en FEUGA.

O CONCELLO aboará os importes do convenio, tralos correspondentes informe técnicos municipais, a través de transferencias bancarias á conta 2080-0000-7700-4017-8740 da que é titular a Fundación Empresa Universidad Gallega ; do seguinte xeito:

- 13.000 € despois da sinatura do convenio, tralo informe que recolla o deseño metodolóxico para a elaboración do estudio
- 13.000 € no prazo de dous meses dende o informe metodolóxico.
- 15.342,40 € trala presentación dos resultados definitivos da investigación.

Para o trámite dos pagamentos previstos no convenio a Universidade de Vigo aportará informes detallados sobre a execución do programa e nas facturas desglosaranse os distintos conceptos. Finalizado o proxecto a Universidade de Vigo emitirá un informe final cos resultados definitivos da investigación o resume de gastos do programa.

Sétima.- A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o Concello de Vigo, de tal forma que non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria , polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Oitava.- O Concello de Vigo procurará a participación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo co obxecto de apoiar o estudio obxecto do presente convenio, a través de aportación económica ou técnica; en consideración ás competencias que lle atribue a lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas e o decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de bibliotecas.

Novena.- Constituirase unha comisión mixta para o seguimento da xestión deste convenio. Esta comisión estará integrada polo Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e o Xefe do departamento de Cultura, por parte do Concello, e por dúas persoas designadas pola Universidade de Vigo.

A esta comisión corresponderá o seguimento das actividades, a interpretación, en caso de dúbida, do contido das cláusulas do convenio, e a resolución das posibles controversias que puideran xurdir ó longo da súa vixencia.

A Universidade de Vigo informará, coa periodicidade que se acorde pola comisión mixta, ós técnicos do equipo convocado pola concellería de Asuntos Sociais sobre os avances dos traballos.

Décima.- O Concello de Vigo resérvase a propiedade dos traballos e o dereito de publicar ou aplicar os resultados, parciais ou finais, obtidos como resultado do presente convenio.

Cando o equipo de traballo desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo ou conferencia, deberá solicitarlle a conformidade ó Concello de Vigo por escrito, mediante carta certificada dirixida ó Concelleiro de Cultura.

Nas publicacións, respectarase sempre a mención ós autores do traballo. En calquera dos casos de difusión de resultados farase sempre referencia especial ó presente convenio.

A difusión dos contidos, datos, resultados (parciais ou finais), informacións sobre a execución, etc. corresponderá exclusivamente ó Concello de Vigo.

Décimo primeira.- O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Polo cumprimento integro do seu obxectivo.
- Polo mutuo acordo das partes.

Previamente as partes comunicaranse a intención de resolución do convenio, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionar as diferencias.

Décimo segunda.- Este convenio ten natureza administrativa e no non previsto no mesmo estarase o disposto pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta paritaria.

Décimo terceira.- Este convenio de colaboración producirá efectos desde o día seguinte a súa sinatura e a súa vixencia rematará, en calquera caso, antes do 31 de xullo de 2005. Este convenio non é prorrogable.

Despois de ler o presente convenio por si mesmos, e estando conformes, asínano por triplicado exemplar e para un único efecto, no lugar e data anteriormente citados.

ANEXO

MEMORIA E PRESUPOSTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE SITUACIÓN BIBLIOTECARIA NO CONCELLO DE VIGO

PLANIFICACIÓN DO ESTUDIO.

0. PREPARACIÓN PREVIA Ó ESTUDIO.

[A] Recompilación información existente, lectura e análise.- 9.600 €

Abril. PTA;PTB;PTC;PTD

- Documentación da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Decreto 41/2001 de la Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- Orde do 27 de agosto do 1996.
- Normativa aplicable ás administracións públicas e as bibliotecas.
- Sobre a xestión bibliotecaria e a incidencia das novas tecnoloxías da información e comunicación.

1. ELABORAR UN DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN BIBLIOTECARIA ACTUAL.

Abril

[B] Análise da situación actual en Vigo e primeiras entrevistas co equipo de apoio e cos responsables das diferentes bibliotecas municipais.- 3.360 €

1-7 maio. PTA;PTB;PTC;PTD

[C] Deseño da enquisa a realizar e preparación do soporte informático do proxecto.- 1.920 €

10-15 maio. PTA;PTB;PTC;PTD

- Prepara-la enquisa (intentando cumprir na medida do posible co modelo proposto pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Prepara-los cuestionarios e os programas informáticos encargados da recollida da información dos mesmos.

[D] Realización da enquisa nos diferentes centros bibliotecarios.- 960 €

16-29 maio. PA1;PA2

[E] Tratamento dos datos. Análise estatístico.- 3.360 €

30 maio- 7 xuño. PTA;PTB;PTC;PTD

- Tratamento dos datos
- Análise estatístico
- Obtención de resultados e gráficas resume.

2. REDACCIÓN DO INFORME. CONCLUSIÓN.

Xuño

[F] Redacción provisional do informe.- 4.800 €

8-21 xuño. PTA;PTB;PTC;PTD

[G] Consulta e realización de correccións.- 4.000 €

22 xuño-5 xullo. EXP

[H] Redacción definitiva do informe e conclusións.- 4.400 €

6-31 xullo. PTA;PTB;PTC;PTD; EXP

Códigos:

- [PTA] Persoal técnico da universidade de Vigo
- [PTB] Persoal técnico da universidade de Vigo
- [PTC] Persoal técnico da universidade de Vigo
- [PTD] Persoal técnico da universidade de Vigo
- [PA1] Persoal apoio universidade de Vigo
- [PA2] Persoal apoio universidade de Vigo
- [EXP] Este apartado agrupa unha serie de custos: asesoría de expertos na materia (pódese tratar ou non de persoal da propia universidade) que serve de apoio ó persoal técnico; custos relativos a dietas e viaxes.

PRESUPOSTO TOTAL.-	
Investigación.-	32.400,00 €
FEUGA (10% s/ 32.400).-	3.240,00 €
Total.-	35.640,00 €
IVE (16% s/ 35.640).-	5.702,40 €
IMPORTE TOTAL.-	41.342,40 €

10(300).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA DURANTE O MES DE MARZO DE 2005. EXPTE. 8831/331.

De conformidade coa base 31 das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de marzo de 2005, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA FUNCIONAL: 4510

CONCEPTO.- Reportaxes fotográficos do departamento de Cultura					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8758/331	28/02/05	2260801	7235	6.000,00 euros	Javier Albertos Benayas (N.I.F: 36119103-H)
			7236	6.000,00 euros	Arjones, Vídeo y Fotografía Industrial (CIF: B-36896389)

CONCEPTO.- Contratación do concerto de "La Nave Va" no Ciclo de Música Sacra 2005.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8759/331	28/02/05	2260803	7230	3.984,60 euros	Ubiagrandal S.L. (C.I.F.: B-36916492)

CONCEPTO.- Contratación do concerto do Quinteto da Orquestra Sinfónica da RTVE e a soprano Carmen Gurriarán no Ciclo de Música Sacra 2005.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8760/331	28/02/05	2260803	7231	11.919,00 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (N.I.F.: 36074726-P)

CONCEPTO.- Contratación do concerto do grupo "El Cortesano" no Ciclo de Música Sacra 2005.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8761/331	28/02/05	2260803	7232	5.771,00 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (N.I.F.: 36074726-P)

CONCEPTO.- Contratación da Sinfonietta de Vigo, Camerata Ad Libitum e Joam Trillo no Ciclo de Música Sacra.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8762/331	28/02/05	2260803	7436	7.656,00 euros	Jenios Organización de Espectáculos S.L. (C.I.F.: B-36921658)

<i>CONCEPTO.- Subministro de materiais de madeira con destino ao mantemento de dependencias culturais.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8763/331	28/02/05	2120000	8763	447,30 euros	Maderas del Noroeste de España (C.I.F.: B-36616548)

<i>CONCEPTO.- Contratación da produción e distribución de material gráfico para o Ciclo de Música Sacra 2005.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8764/331	01/03/05	2260200	10995	2.991,64 euros	Canal Uno de Comunicación S.L. (C.I.F.: B-36723450)

<i>CONCEPTO.- Subministro de materiais de electricidade con destino ao mantemento de dependencias culturais.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8765/331	02/03/05	2120000	10679	1.289,73 euros	Miguel Pascual Sociedad Cooperativa (C.I.F.: F-15019268)

<i>CONCEPTO.- Subministro de materiais de pintura con destino ao mantemento de dependencias culturais.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8766/331	02/03/05	2120000	7582	641,97 euros	Galicolor S.L. (C.I.F.: B-36849545)

<i>CONCEPTO.- Subministro de materiais de ferretería con destino ao mantemento de dependencias culturais.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8767/331	02/03/05	2120000	7583	5.682,90 euros	Ferretería Pombo (C.I.F.: A-36644011)

<i>CONCEPTO.- Reparación da chimenea do edificio da Biblioteca Central.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8768/331	02/03/05	2120000	10673	1.580,00 euros	Construcciones Cardeñoso (C.I.F.: B-36657252)

<i>CONCEPTO.- Colocación de placas de sinalización en edificios de Vigo. Arquitectura racionalista.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8769/331	02/03/05	2210901	12652	11.855,66 euros	Exclusivas Fabricados y Especialidades (N.I.F.: B-36843605)

<i>CONCEPTO.- Contratación da produción técnica para o Ciclo de Música Sacra 2005.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8777/331	04/03/05	2260803	11441	9.244,04 euros	Ubiagrandal S.L. (C.I.F.: B-36916492)

<i>CONCEPTO.- Contratación do patrocinio publicitario para o Festival Sinsal 3.0.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8779/331	07/03/05	2260200	11431	10.440,00 euros	Sinsal Audio S.L. (C.I.F.: B-36898369)

<i>CONCEPTO.- Asistencia técnica para a produción do vídeo “Portas Automáticas”.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8792/331	09/03/05	2270600	11246	696,00 euros	Santiago Antonio Pérez (N.I.F.: 36124550-Z)

<i>CONCEPTO.- Servizo de mantemento da climatización da Biblioteca Central de Vigo e da Casa Galega da Cultura.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8798/331	09/03/05	2130000	11457	2.407,08 euros	Vigo Semarca S.L. (C.I.F.: B-36628683)
			11461	4.896,35 euros	Celtsener (C.I.F.: B-36422905)

<i>CONCEPTO.- Ref. inspección reglamentaria do ascensor do Verbum.</i>					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8800/331	08/03/05	2270600	11391	136,16 euros	Bureau Veritas (C.I.F.: B-36702199)

A Xunta de Goberno queda enterada.

11(301).- SOLICITUDE DO ANPA BENE VIVERE DO CEIP MOSTEIRO DE BEMBRIVE DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE O DÍA 17.04.05. EXPTE. 5213/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.03.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA Bene Vivere do CEIP Mosteiro Bembrive a celebrar o vindeiro día 17 de abril de 2005, o XXVI cross escolar Mosteiro Bembrive, carreira, na que participan alumnos de diferentes colexios de Vigo e comarca, está previsto que se desenvolva no colexio e arredores, entre as 9:00 h. e as 14:00 h.

12(302).- SOLICITUDE DO FARO DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O CROSS ESCOLAR “TROFEO FARO DE VIGO-CAIXANOVA” NO PARQUE DE CASTRELOS O 24.04.05. EXPTE. 5197/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.03.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Faro de Vigo a celebrar o vindeiro día 24 de abril de 2005 o cross escolar “Trofeo Faro de Vigo-Caixa Nova” que se desenvolverá no Parque de Castrelos, entre as 9:00 h. e as 14:00 h.

13(303).-SOLICITUDE DA EMPRESA BEGANO S.A. COCA COLA PARA REALIZAR O EVENTO LÚDICO DEPORTIVO FÚTBOL PARK OS DÍAS 15,16 E 17 DE ABRIL EN SAMIL. EXPTE. 5198/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.03.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a empresa Begano, S.A. Coca Cola a celebrar o vindeiro días 15 (montaxe), 16 e 17 de abril de 2005 o evento lúdico deportivo Fútbol Park na pista de patinaxe de Samil, en horario de mañá e tarde.

14(304).-SOLICITUDE DA CASA DE ANDALUCÍA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA XVII FEIRA DE ABRIL EN SAMIL, OS DÍAS 20 A 24 DE ABRIL DE 2005. EXPTE. 70818/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 6.04.05, conformado polo concelleiro delegado do Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á CASA DE ANDALUCÍA, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da XVII FEIRA DE ABRIL, en Samil, nos aparcamentos próximos á pista de tenis, os días 20 a 24 de abril de 2005, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitalo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado: 2:30 horas.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

15(305).-DEVOLUCIÓN DE AVAL Á CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. POR IMPORTE DE 6.731,34 € CONSTITUIDO PARA RESPONDER DE POSIBLES DANOS POR RETIRADA DE ARBORADO E XARDINEIRAS NA RÚA POLICARPO SANZ. EXPTE. 3073/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 30.03.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución do Aval á Constructora San José S.A. por un importe de 6.731,34 € (1.120.000.-ptas.) constituído para responder de posibles danos que se poideran ocasionar pola reitrada de arborado e xardineries na rúa Policarpo Sanz nº 24 e 26.

16(306).-PRÉSTAMO TEMPORAL DE OBRAS AO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A EXPOSICIÓN “A GALICIA MODERNA” DO 14 DE ABRIL AO 22 DE MAIO DE 2005. EXPTE. 1520/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, do 16.03.05, conformado polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras que se citan para a exposición “A Galicia Moderna” a celebrar entre o 14 de abril e 22 de maio de 2005 no Circulo de Bellas Artes de Madrid; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dano coñecemento deste préstamo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque:

- Torres, Vagar (repouso), nº inv. 388.
- Souto, Feira (mercado), nº inv. 214.
- Souto, Espantallo, nº inv. 197.
- Maside, Paixase (de Compostela) nº inv. 399.

17(307).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 100557/140.

Antecedentes

A Xunta de Goberno local en sesión do 21.03.05 acordou aprobar as condicións para concertar unha operación de préstamo para o Concello de Vigo.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno, con data 4.04.05, certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado na prensa de data 23 de marzo do presente ano presentaronse dúas proposicións: 1) Caixa Galicia e 2) Caixanova.

A Mesa de Contratación realizada o 4.04.05 procedeu á apertura da documentación presentada, formulado a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Concertar coa entidade Caixagalicia unha operación de crédito a longo prazo por un importe de 18.523.258,19 euros, sendo o tipo de referencia proposto o do Euribor sen marxe e o tipo de interese máximo anual aplicable o do cinco por cento. O resto das condicións do contrato son as establecidas no acordo da Xunta de Goberno de 21.03.2005.

18(308).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE LIMPEZA DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS ADXUDICADO Á EMPRESA SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. EXPTE. 15801/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.03.05, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Con data 24 de abril de 2003 o Alcalde resolveu adxudicar a empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., a prestación do servizo de limpeza no Verbum-Casa das Palabras. O procedemento foi de concurso aberto, de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobadas pola Comisión de Goberno do 3 de marzo de 2003.

O prazo do contrato comezou o día 24 de abril de 2003 e rematará o 23 de abril de 2005 , podendo prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dous, a contar dende o 24 de abril de 2003 (cláusula cuarta do contrato).

A primeira revisión de prezos do contrato vixente produciuse transcurrido un ano dende a data do inicio do contrato (24 de abril de 2004) e recolleu a variación experimentada polo IPC nacional no período que mediou entre a data de revisión (24 de abril de 2004) e a de apertura de proposicións económicas (8 de abril de 2003).

A través dun escrito, presentado polo Rexistro Xeral con data 16 de febreiro de 2005, a empresa adxudicataria do servizo, Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., manifesta a súa disponibilidad para asumilo compromiso de prórroga do servizo.

Ata a data de hoxe o servizo ven prestándose con total corrección por parte da empresa adxudicataria, de acordo co establecido nas bases técnicas e administrativas.

Esta xefatura considera que debe prorrogarse o contrato de prestación do servizo de limpeza do Verbum-Casa das Palabras por unha anualidade (24 de abril de 2005- 23 de abril de 2006) de acordo co previsto no contrato e bases técnicas e administrativas (o contrato e as bases contemplan un máximo de dúas prórrogas).

Para o cálculo do custo total do contrato para este período (24 de abril de 2005 a 23 de abril de 2006), tomamos como referencia o prezo de facturación ao día de hoxe, que xa recolle o incremento de IPC (primeira revisión de prezos de data 24 de abril de 2004- 2,7%). O custo medio mensual ascende a 6.743,96 €, IVE incluído; considerando 12 meses completos, o importe da prórroga por unha anualidade sería de 80.927,55 € (oitenta mil novecentos vinte e sete con cincuenta e cinco céntimos), IVE incluído, dos que 55.525,27 € corresponden ao exercicio presupuestario de 2005 (8 meses e 7 días), e 25.402,28 € para o exercicio presupuestario 2006 (3 meses e 23 días).

O gasto podería aplicarse á partida 4510.227.00.00 “Casa das Palabras: servizos limpeza”.

Sínálase que o prezo proposto para o servizo de limpeza realizado pola empresa coa que se propón a renovación do contrato por unha anualidade, é un prezo que se axusta ao mercado no momento de producirse a

prórroga e que soamente repercute no IPC. Na adxudicación, a empresa *Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.*, foi a que obtivo a máxima cualificación, segundo informe de data 11 de abril de 2003, no que se procedeu a valorar o sistema de calidade proposto polos ofertantes atendendo aos programas de inspección, información, sistema organizativo e ao programa de prevención de riscos laborais, acadando unha puntuación de 66,56 puntos.

PROPOSTA.-

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Aprobar a prórroga do contrato de limpeza do Verbum-Casa das Palabras, adxudicado á empresa *Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.*, por resolución do Ilmo. Sr. Alcalde de data 24 abril de 2003, por unha anualidade (24 de abril de 2005- 23 de abril de 2006), segundo o disposto no contrato e no prego de cláusulas administrativas.*

2º.- *O importe da prórroga por unha anualidade sería de 80.927,55 € (oitenta mil novecentos vinte e sete con cincuenta e cinco céntimos), IVE incluído, dos que 55.525,27 € corresponden ao exercicio presupuestario de 2005 (8 meses e 7 días), e 25.402,28 € para o exercicio presupuestario 2006 (3 meses e 23 días).*

O gasto podería aplicarse á partida 4510.227.00.00 “Casa das Palabras: servicios limpeza”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(309).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) D^a MARÍA ASUNCIÓN FERNÁNDEZ LEDO. EXPTE. 15793/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 4.02.05, en relación coa reclamación de D^a M^a Asunción Fernández Ledo por danos ocasionados no seu vehículo polo impacto de varios colectores do lixo da rúa Hispanidade; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 14.03.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 18.03.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de dona María Asunción Fernández, indemnizándolle na contía de 167,32 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) D^a JOSEFINA PÉREZ CASAL. EXPTE. 57/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 14.02.05, en relación coa reclamación de D^a Josefina Casal Pérez de danos causados seu vehículo na avda. Ricardo Mella cando foi golpeado por un colector do lixo; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 14.03.05, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica

de Admón. Xeral, do 18.03.05, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Dona Josefina Casal Perez, indemnizándolle na contía de 334,52 euros, correspondente ó valor da reparación do vehículo da súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

20(310).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes emitidos por Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se detallan, xa que as obras e servizos obxecto de constitución da fianza foron realizadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

a) A D^a Concepción Cuña Pérez a fianza por importe de 1.047,34 € constituída para responder da prestación do Servizo de infobús. Expte. 625/241.

b) A ESYCSA a fianza por importe de 8.654,57 € constituída para responder do mantemento do túnel de Montero Ríos. EXPTE. 617/241.

21(311).- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE I+D DE INVESTIGACIÓN E MUSEALIZACIÓN DA VILLA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 2619/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico do 4.04.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a renovación para os anos 2005 e 2006 do Proxecto de I+D “Investigación e Musealización da villa romana de Toralla” incluído no convenio de colaboración, asinado entre a Universidade e o Concello de Vigo, o 21/05/02 (texto aprobado pola C. de G. de 29.04.02) e modificado por novo acordo de 11.07.2003 (texto aprobado pola C. de G. de 9.06.2003). Os contidos desta renovación están recollidos no documento presentado polo director do proxecto, D. Fermín Pérez Losada o 30.11.2004, titulado “Investigación e Musealización da villa romana de Toralla – Ampliación do Proxecto 2005-2006- que obra no expediente (titulado Documento 1)

2º.- En consecuencia, aprobar a aportación económica municipal correspondente a esta renovación que ascende á cantidade de 150.837,8 € (IVE incluído).

3º.- Acordar que dita aportación se distribúa do seguinte xeito:

- 86.103,37 € no exercicio económico de 2005 (partida 4531.6100000), en dous pagamentos: o 50% no momento da sinatura do convenio e o 50% ó remate do ano.
- 64.734,43 € no exercicio económico 2006, nun único pagamento a efectuar unha vez aprobados os Orzamentos Xerais do Concello dese ano nos que se consigne a devandita cantidade.

4º.- En consecuencia, aprobar o texto que recolle o compromiso desta renovación, a asinar polos representantes de ámbalas partes, Universidade de Vigo e Concello de Vigo, que de seguido se transcribe:

En Vigo, a de de 2005

COMPARECEN

Dunha parte, a UNIVERSIDADE DE VIGO (en adiante UVI), con C.I.F. Q-8650002 B e sede en Vigo, rúa Oporto nº 1 e, no seu nome e representación, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Vicerrector de Investigación, por R.R. de 15-05-03

Doutra parte, o CONCELLO DE VIGO (en adiante Concello), con C.I.F. P-3605700 H e sede en Vigo, Praza do Rei, e no seu nome e representación, o Concelleiro delegado da Área de Servicios Sociais e Patrimonio Histórico, D. Ignacio López-Chaves Castro.

Ámbolos dous representantes, recoñécendose mutuamente capacidade xurídica, subscriben en nome das respectivas entidades o presente contrato e, para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que con data 21 de maio de 2002 ambas entidades suscribiron un convenio de colaboración para desenvolver un proxecto de I+D titulado "Investigación e musealización da villa romana de Toralla" (Anexo I). Este convenio tiña unha duración prevista de 26 meses computables a partir da data de sinatura do mesmo. Como contraprestación para a realización do proxecto o Concello de Vigo comprometeuse a financiar este contrato inicial cun importe de 306.082,60 €.

SEGUNDO.- Que con data 11 de xullo de 2003 ambas entidades suscribiron unha modificación do devandito convenio (Anexo II). Como contraprestación para a realización das novas actuacións adicionais a realizar pola UVI, o Concello de Vigo comprometeuse a financiar as mesmas cun importe de 56.440,03 €, adicional ó importe económico inicial do proxecto, no exercicio económico do 2004.

TERCEIRO.- Como consecuencia de circunstancias alleas ás partes, as aportacións económicas previstas para o ano 2004 no convenio inicial e na súa modificación, non foron executadas, razón pola cal se recollen nesta renovación como pagamento do ano 2005 cun importe de 86.103,37 €. Correspóndese éste co do derradeiro pagamento do convenio inicial (CO-037-02) e mailo pagamento único da súa modificación (CO-023-04).

CUARTO.- Que o responsable do desenvolvemento do Proxecto por parte da UVI é o profesor D. Fermín Pérez Losada, adscrito ó Depto. de Historia, Arte e Xeografía da Facultade de Humanidades de Ourense. O responsable do desenvolvemento do Proxecto por parte do Concello é D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro delegado de Patrimonio Histórico.

QUINTO.- De conformidade co previsto no parágrafo cuarto do Convenio, tendo en conta que polas circunstancias producidas na execución do mesmo non se consideran cumpridos aínda os seus obxectivos, é necesario renovar o Convenio por un período suficiente para executar as actuacións previstas.

Polo que as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.- Unha renovación do convenio inicial, no sentido seguinte:

- *Unha ampliación temporal do prazo de execución do convenio. Este novo prazo terá unha duración de 24 meses, contabilizados a partir da data de sinatura do presente convenio. Caso de que non se acadaran neste tempo os obxectivos perseguidos, o prazo entenderáse automaticamente prorrogado por 3 (tres) meses adicionais.*
- *Unha ampliación das investigacións. As novas actuacións complementarias non contempladas no proxecto inicial atopanse sinaladas no Documento 1.*

SEGUNDO.- A UVI comprométese a executar as actuacións pendentes (intervención arqueolóxica coetánea ás obras de musealización das ruínas, traballos específicos de conservación-restauración do xacemento, proxecto museográfico e museolóxico) e mailas novas actuacións (intervención arqueolóxica no solar do Museo, investigación de materiais arqueolóxicos do xacemento, elaboración e produción de materiais audiovisuais, presentación e divulgación dos resultados da investigación) no novo prazo de duración do convenio.

Todas estas actuacións, xunto coa súa xustificación e orzamento, están descritas polo miúdo no documento “Ampliación do Proxecto 2005-2006” (Documento 1).

TERCEIRO.- O Concello comprométese a financiar as actuacións contempladas na renovación do proxecto cun importe de 150.837,8 € (IVE incluído). Dita cantidade farase efectiva de acordo coa seguinte periodización:

- *86.103,37 €. No exercicio económico de 2005 (partida 4531.6100000), en dous pagamentos. O 50% no momento da sinatura do convenio e o 50% ó remate do ano.*
- *64.734,43 € no exercicio económico 2006, nun único pagamento a efectuar unha vez aprobados os Orzamentos Xerais do Concello dese ano nos que se consigne a devandita cantidade.*

As aportacións económicas faranse trala correspondente certificación de conformidade dos traballos realizados, emitida polo xefe do servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.

CUARTO.- O Concello impulsará as actuacións complementarias (musealización do xacemento, construción do Centro de Interpretación e dotación e execución material do proxecto museográfico) co obxecto de favorecer a execución do conxunto do proxecto no menor tempo posible.

QUINTO.- Co cumprimento das obrigas anteriores e a sinatura do presente documento nengunha das partes podera esixir da outra calquera outra obriga adicional.

Tendo lido o presente por si mesmos e achándose conformes, asínano por triplicado e a un só efecto, no lugar e data anteriormente citados.

22(312).-PROXECTO DE CONVENIO CON SEROMAR S.A. SOBRE RECOÑECIMENTO DE INEXISTENCIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO POR REDUCCION DE APROVEITAMENTO URBANÍSTICO NO ÁMBITO DA U.E. PEREGRINA E DEVOLUCIÓN PARCIAL DO PREZO XUSTO PERCIBIDO POR AQUELA NA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO NOVO ACCESO AO PORTO DE VIGO, NO MESMO ÁMBITO. EXPTE. 4543/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 18.03.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data 17 de novembro de 1989, foi aprobado definitivamente polo Concello-Pleno o estudio de detalle e o proxecto de urbanización da Unidade de Actuación II-06 Peregrina. Neste estudio de detalle aprobado, cun ámbito de 28.360,00 m², figura delimitada unha zona de uso residencial, de 13.057,00 m² de superficie, cualificada coa ordenanza 1.3.D, de edificación en fileira de alta densidade; unha superficie de 13.126,00 m² de cesión ó Concello de Vigo para zonas verdes, que figura, cara o oeste, afectada pola banda de protección grafiada no Plan Xeral para o trazado previsto do Primeiro Cinto de Circunvalación de Acceso ó Porto de Vigo e unha superficie de 1.517,00 m², tamén de cesión ó Concello, para viario. Finalmente, aparece tamén prevista, pero non delimitada, unha zona de 660 m² de superficie para ubicar 1000 m² de aproveitamento comercial.

2º.- Dado que no momento de aprobación dos ditos instrumentos urbanísticos estaba pendente o trazado definitivo do Primeiro Cinto de Circunvalación de Acceso ó Porto de Vigo, no acordo de aprobación do estudio de detalle precisouse que a exacta ubicación da zona destinada a aparcamentos e comercial quedaba pendente de determinación en tanto tal trazado definitivo non se concretase.

3º.- Con data 27 de abril de 1990 (expte.3719/421) foi concedida pola Comisión Municipal de Goberno licencia de edificación para 44 vivendas na unidade de actuación Peregrina. Na devandita licencia estableceuse a obriga da promotora de efectuar as cesións para zonas verdes e viais previstas no estudio de detalle.

4º.- Non obstante esta obriga de cesión de terreos para zona verde desde o momento do outorgamento da citada licencia de obra --obriga de cesión que incluía os terreos sitados no oeste do polígono, afectados pola banda de protección grafiada no Plan Xeral para o trazado previsto do Primeiro Cinto de Circunvalación de Vigo-- a entidade "Seromar S.A", no expediente expropiatorio, seguido para a execución deste cinto de circunvalación, presentose ante o Ministerio de Fomento expropiante como propietaria destes terreos debidos ó Concello e afectados pola execución do vial, en concreto de 4136 m² de superficie, fixando de común acordo o xustiprecio destes terreos --debidos ó Concello-- na cantidade de 96.885.000 pts (folio 41 do expediente 5580/411); prezo xusto que foi integramente cobrado con data 9 de abril de 1999.

5º.- Doutra parte, e segundo se recolle na comunicación do Ministerio de Fomento á Delegación Provincial en Pontevedra da Consellería de Promoción de Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia, de 18 de xuño de 2002, resultando necesario para poder executar as obras do novo acceso ó Porto de Vigo, tramo:Castrelos - Bouzas, demole-la gardería infantil situada no recheo de bouzas, o Ministerio de Fomento decidiu incluír a reposición da dita gardería infantil na U.E. Peregrina, nun proxecto complementario que foi aprobado, con data 3 de decembro de 1999, pola Dirección Xeral de Estradas. Todo isto ó abeiro do artigo 121.1, de modificación da Lei de Estradas, da Lei 66/1997, de 30 de decembro, de Medidas Fiscales, Administrativas e do Orden social, segundo o cal no caso de que deban ser expropiadas instalacións de servizos ou accesos, a Administración poderá optar en substitución da expropiación pola reposición daqueles.

6º.- A execución deste novo acceso ó Porto de Vigo, tramo Castrelos- Bouzas e a reposición da devandita gardería infantil na U.E. Peregrina determinaron a necesidade de proceder á modificación puntual nº 18 do PXOU, nas zonas afectadas por este trazado e a na zona na que se empraza a nova gardería infantil, que foi aprobada definitivamente polo Concello-Pleno con data 28 de xaneiro de 2002. Tal modificación, segundo se indica na memoria da mesma, comportou a necesaria desaparición da zona comercial de 660 m², cunha edificabilidade de 1.000 m², prevista na U.E. Peregrina, pendente de emprazamento en tanto non se coñecese o definitivo trazado do vial de circunvalación.

7º.- A devandita modificación puntual foi impugnada ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia --r.c.a. 02/4431/02-- pola mercantil Seromar, S.A., por non contemplar unha indemnización que compensase a desaparición da zona comercial.

8º.- O aparelador municipal, en informe de 15 de abril de 2003 (Expte. nº 4346/401), valorou os aproveitamentos urbanísticos comerciais eliminados coa devandita modificación puntual na cantidade de 424.838,00 €.

9º.- A entidade Seromar, S.A., a medio de escrito de data de entrada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo de 29 de xuño de 2003, obrante no mesmo expediente, prestou conformidade á valoración efectuada polo aparelador municipal, propoñendo a conclusión dun convenio que inclúa a conformidade coa dita valoración; a cesión do resto da finca matriz, despois da segregacións realizadas e o desistimento desta mercantil do recurso xurisdiccional por esta interposto contra o acordo de aprobación da Modificación Puntual núm. 18 do PXOU.

10º.- A vista desta oferta de convenio o Xerente de Urbanismo, con data 8 de setembro de 2004, ordenou ó servizo de Xestión Urbanística a redacción dun texto de convenio, que una vez elaborado e integrado coas precisións propostas por "Seromar, S.A.", consideradas polo informante perfectamente asumibles por esta Administración municipal, foi expresamente aceptado por esta a medio de escrito de data 16 de marzo de 2005.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Como queira que a execución do trazado definitivo do novo acceso ó Porto de Vigo, neste concreto tramo e, sobre todo, a reposición polo Ministerio de Fomento da citada gardería infantil na U.A. Peregrina determinaron a necesidade de proceder á modificación puntual nº 18 do PXOU, nas zonas afectadas polo trazado e a na zona na que se empraza a nova gardería infantil, así como a eliminación da devandita zona comercial prevista na U.E. Peregrina, pendente de emprazamento en tanto non se coñecese o definitivo trazado do vial, e toda vez que a entidade "Seromar S.A", no expediente expropiatorio seguido para a execución deste cinto de circunvalación, presentouse ante o Ministerio de Fomento expropiante como propietaria dos terreos afectados pola execución do vial de circunvalación na U.A. Peregrina --4136 m2 de superficie--, fixando de común acordo o xustiprecio destes terreos en 96.885.000 Ptas., que foi integramente percibido con data 7 de abril de 1999, sendo así que tales terreos eran debidos ó Concello e que o único dereito que a entidade "Seromar, S.A." ostentaba neste ámbito era a edificabilidade comercial referida, procede considerar como expropiados polo Ministerio de Fomento á dita mercantil os devanditos 660 m2 de superficie para 1.000 m2 de uso comercial, toda vez que este era o único dereito que correspondía a "Seromar, S.A" --non debido ó Concello-- na zona que nos ocupa e que como consecuencia da reposición da gadería infantil neste polígono non podía ser materializado pola dita mercantil.

En consecuencia, e respecto das cantidades percibidas por "Seromar, S.A." en exceso sobre o prezo xusto da zona comercial expropiada --correspondentes ó prezo xusto dos demais terreos debidos ó Concello--, procedería a iniciación de expediente para reclamar de dita mercantil tales cantidades, como equivalente económico da obriga de entrega incumprida.

II. Valorado o aproveitamento comercial de referencia polo aparelador municipal, en informe de 15 de abril de 2003, en 424.838,00 euros e percibidos por "Seromar, S.A." as cantidades de 21.192.000 Ptas. (127.366,48 euros), con data 21 de xuño de 1995, en concepto de depósito previo e a de 75.693.600 Ptas. (454.927,69 euros), con data 7 de abril de 1999, como cantidade restante do prezo fixado de común acordo para a adquisición amistosa da parcela, resulta unha diferenza a satisfacer ó Concello, no concepto de equivalente económico da obriga de entrega incumprida, de 157.456,17 euros.

III. A posibilidade de concluir por convenio o procedemento para reclamar de Seromar, S.A a cantidade de 157.456,17 €, como exceso do prezo xusto percibido sobre o valor da zona comercial que esta Administración municipal considera expropiada e como equivalente económico da obriga de entrega de zonas verdes non cumprida, está recoñecida no artigo 88 LRXPA: "1) As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non

sexan contrarios ó Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interés público que teñan encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule, puidendo tales actos te-la consideración de finalizadores dos procedementos administrativos (...)".

IV. O convenio proposto por Seromar, S.A. satisface o interés municipal e non infrinxe os límites sinalados no precepto transcrito, se ben a obriga de entrega pola dita mercantil do resto da parcela matriz deberá ser recordada, mais que estipulada, no convenio que no seu caso se asine, ó derivar tal obriga directamente, como imposición legal, da licenza de edificación concedida para este ámbito.

V. Como Administración expropiante deberá darse vista do expediente ó Ministerio de Fomento.

VI. A acción administrativa para obter a devolución das cantidades indebidamente percibidas por "Seromar, S.A." deberá ser exercitada pola Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127. j) da Lei 57/2003, de 26 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local; órgano ó que corresponde, en consecuencia, acordar a conclusión do procedemento por convenio.

Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe proposta, acorda:

1º.- Prestar conformidade ao texto do convenio, que de seguido se transcribe, a concluir entre esta Administración municipal e Seromar, S.A. a virtude do cal a dita mercantil renuncia á súas pretensións sobre os aproveitamentos urbanísticos comerciais que lle correspondían na U.A. II-06 Peregrina, se obriga a restituir ao Concello o exceso do prezo xusto percibido sobre o valor estimado da zona comercial expropiada e se compromete a desistir do recurso xurisdiccional interposto contra a Modificación Puntual número 18 do PXOU.

2º.- Dese coñecemento do dito convenio ó Ministerio de Fomento. Dirección General de Carreteras. Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, como Administración, no seu día, expropiante.

3º.- Facultar ó Concelleiro Delegado de Urbanismo para, unha vez realizado o anterior trámite, a sinatura do convenio.

CONVENIO QUE SE CITA

Na Casa do concello de Vigo, a de de duosmil cinco

COMPARECEN

Dunha parte, D José Manuel Figueroa Vila, concelleiro-delegado de Urbanismo, na representación legal do Concello de Vigo, asistido polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, D. José Riego Boluda.

Doutra, D. Basilio Martínez Serodio, maior de idade, D.N.I. nº 76.898.476, en nome e representación da mercantil "Seromar, S.A.", de duración indefinida, C.I.F. A-36.651.644, constituída mediante escritura autorizada o 4 de xuño de 1987 polo notario desta residencia, D. Alberto Casal Rivas, co número 2.195 do seu

protocolo e inscrita no Rexistro mercantil de Pontevedra ó folio 27 do libro 580 de sociedades, inscrición 1ª folla, nº 8.039, domiciliada en Vigo rúa Gerona, número 6-A, 1º.

Reunen os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio sobre recoñecemento de inexistencia de responsabilidade patrimonial do Concello de Vigo por redución de aproveitamento urbanístico no ámbito da U.A. Peregrina; devolución parcial do prezo xusto percibido pola mercantil conveniente e desistimento do recurso xurisdiccional interposto pola mesma contra a Modificación Puntual Nº 18 do PXOU de Vigo, e ó dito fin

EXPOÑEN

I

Que con data 17 de novembro de 1989, foi aprobado definitivamente polo Concello-Pleno de Vigo o estudio de detalle e o proxecto de urbanización da Unidade de Actuación II-06 Peregrina. Neste estudio de detalle aprobado, cun ámbito de 28.360,00 m², figura delimitada unha zona de uso residencial de 13.057,00 m² de superficie, cualificada coa ordenanza 1.3.D, de edificación en fileira de alta densidade; unha superficie de 13.126,00 m² de cesión ó Concello de Vigo para zonas verdes, que figura, cara o oeste, afectada pola banda de protección grafiada no Plan Xeral para o trazado previsto do Primeiro Cinto de Circunvalación de Acceso ó Porto de Vigo e, asimesmo, unha superficie de 1.517,00 m², tamén de cesión ó Concello, para viario. Finalmente, aparece tamén prevista, pero non delimitada, unha zona de 660 m² de superficie para ubicar 1000 m² de aproveitamento comercial.

II

Dado que no momento de aprobación dos ditos instrumentos urbanísticos estaba pendente o trazado definitivo do Primeiro Cinto de Circunvalación de Acceso ó Porto de Vigo, no acordo de aprobación do estudio de detalle precisouse que a exacta ubicación da zona destinada a aparcamentos e comercial quedaba pendente de determinación en tanto tal trazado definitivo non se concretase.

III

Con data 27 de abril de 1990 (expte.3719/421) foi concedida pola Comisión Municipal de Goberno licencia de edificación para 44 vivendas na Unidade de Actuación Peregrina. Na devandita licencia estableceuse a obriga da promotora de efectua-las cesións para zonas verdes e viais previstas no estudio de detalle.

IV

Que, a indeterminación inicial do emprazamento do aproveitamento comercial --previsto pero non situado-- en función da definición do trazado e proxecto de circunvalación (área de cruzamento coa Avda. Atlantida) tivo como consecuencia a demora na formalización das cesións previstas no planeamento, cuestión en relación coa que "Seromar, S.A.", presentou en distintas ocasións distintos escritos.

V

Que no momento da ocupación dos terreos da U.A. Peregrina, afectados pola execución do trazado do Primeiro Cinto de Circunvalación de Vigo --4.136 m² de superficie--, no procedemento expropiatorio seguido polo actual Ministerio de Fomento para a obtención dos terreos necesarios á execución deste vial, os mesmos se atopaban inscritos no Rexistro da Propiedade a favor de "Seromar, S.A." o que determinou que a dita mercantil se vise na necesidade de comparecer no citado expediente expropiatorio como titular rexistral dos ditos terreos e percibise o seu prezo xusto, fixado de común acordo en 582.294,17 €, aínda que coa intención de reservalo a resultas do que se decidise pola Administración municipal sobre a subsistencia do aproveitamento comercial no ámbito, habida conta a decisión do Ministerio de Fomento de repoñer a gardería infantil existente no recheo de Bouzas, afectada pola execución do viario, no ámbito da U.A. Peregrina; reposición que de feito viña a imposibilitar o emprazamento dun uso comercial no mesmo ámbito.

VI

A execución do trazado definitivo do novo acceso ó Porto de Vigo, neste concreto tramo e, sobre todo, a reposición polo Ministerio de Fomento da citada gardería infantil na U.A. Peregrina determinaron a necesidade de proceder á modificación puntual nº 18 do PXOU de Vigo, nas zonas afectadas polo trazado e a na zona na que se empraza a nova gardería infantil, así como a eliminación da devandita zona comercial prevista na U.E. Peregrina, pendente de emprazamento en tanto non se coñecese o definitivo trazado do vial

VII

Que esta modificación puntual foi impugnada ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia --r.c.a. 02/4431/02-- pola mercantil Seromar, S.A., por non contemplar unha indemnización que compensase a desaparición da zona comercial inicialmente prevista.

VIII

Que non obstante o exposto no precedente apartado V, a mercantil "Seromar, S.A." sí era titular de dereitos sobre unha porción, ata ese momento indivisa, dos terreos non edificados na U. A. Peregrina: 660 m² de superficie de terreo para emprazar 1.000 m²c de edificabilidade comercial; dereitos que, habida conta as circunstancias recollidas no dito apartado expositivo, consideranse como expropiados no procedemento de expropiación forzosa seguido para a execución do novo acceso ó Porto de Vigo.

IX

O aparelador municipal, en informe de 15 de abril de 2003, emitido no expediente nº 4346/401, sobre tasación do aproveitamento comercial previsto na U.A. II-06 Peregrina, valorou os aproveitamentos urbanísticos comerciais eliminados neste polígono coa devandita modificación puntual na cantidade de 424.838,00 €.

X

Conformes os intervinetes coa devandita valoración e co obxecto de concluir convencionalmente as pretensións municipais sobre os terreos afectados pola execución do novo vial de acceso ó Porto de Vigo, no ámbito da U.A. Peregrina, así como poñer fin á reclamación xurisdiccional formulada por Seromar, S.A. en relación coa Modificación Puntual nº 18 do PXOU de Vigo, outorgase o presente convenio de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Seromar, S. A., titular dos aproveitamentos urbanísticos con destino a uso comercial previstos no estudo de detalle da Unidade de Actuación II-06 Peregrina, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno de Vigo con data 17 de novembro de 1989, manifesta, unha vez tramitada a expropiación forzosa dos terreos e taxado o valor do aproveitamento comercial, a súa aceptación á renuncia ó aproveitamento comercial previsto, toda vez que o definitivo trazado viario e a construción da escola infantil pública nos terreos, fan imposible ubicar o aproveitamento comercial e motiva a decisión de modificación do planeamento que elimina tal previsión.

Segunda.- A dita mercantil obrigase a restituir ó Concello de Vigo, como equivalente económico dos demais terreos expropiados, debidos a esta Administración municipal como superficies de cesión obligatoria e gratuita, as cantidades percibidas como prezo xusto por Seromar, S.A. no que exceden do prezo xusto dos aproveitamentos comerciais expropiados.

Terceira.- Conformes os intervinetes na valoración efectuada polo arquitecto técnico municipal, no seu informe de 15 de abril de 2003, dos devanditos aproveitamentos comerciais en 424.838,00 € (catrocentos vintecatros mil oitocentos trinta e oito euros), Seromar, S.A. comprométese a restitución ó Concello de 157.456,17 € (cento cincuenta e sete mil catrocentas cincuenta e seis con dezasete euros), no indicado concepto de

equivalente económico dos demais terreos expropiados, debidos ó Concello como superficies de cesión obligatoria e gratuita.

Cuarta.- Como consecuencia lóxica das anteriores estipulacións, a mercantil Seromar, S. L. obrígase a desistir do recurso contencioso-administrativo interposto pola mesma contra o acordo plenario de 28 de xaneiro de 2002, aprobatorio da Modificación Puntual nº 18 do PXOU de Vigo, que, co número 02/4431/02, se segue ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Quinta.- Por último, o Concello de Vigo obrígase a facilitar coa máxima urxencia a mercantil "Seromar, S.A." o borrador de contrato con arrendo ó cal deberá outorgarse a escritura pública de cesión dos terreos debidos ó Concello de Vigo no ámbito da U.A. Peregrina, que son todos aqueles non incluídos nos 13.057 m², da matriz destinados a edificación unifamiliar --ordenanza 1.3.D--; os 1.517 m² cedidos para viales ó Concello de Vigo, mediante escritura nº 2.853 de 24 de novembro de 1993, autorizada polo Notario de Vigo D. Alfredo A. Lorenzo Otero e que non foron obxecto de expropiación forzosa polo Ministerio de Fomento.

Con todas estas segregacións e o expediente expropiatorio seguido polo Ministerio de Fomento para a execución do proxecto "Nueva carretera de acceso al Puerto de Vigo, 41-PO-2720", no que foron expropiados polo citado departamento ministerial 4.136 m², de superficie de terreo cara o seu lindeiro oeste, ha finca matriz queda coa seguinte descripción:

"Resto de finca, dunha superficie aproximada de 8.603 m², con estos lindeiros: Norte, parcela procedente da finca matriz, segregada e cedida no seu día ó concello de vigo, destinada a viais e ocupada na actualidade pola rúa "Arquitectos Castro e Alonso"; Sur, Camiño veciñal da Quiringosta; Este, Estrada da Pardaiña e Oeste, terreos procedentes da matriz, expropiados para o trazado do Primeiro Cinturón de Circunvalación e Acceso ó Porto de Vigo.

En proba da conformidade co contido deste convenio o firman os intervinetes no lugar e data arriba indicadas.

23(313).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS. EXPTE. 10887/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado polo enxeñeiro industrial municipal, do 29.06.04, e o prego de condicións administrativas de data 12.01.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensións para distintas instalacións municipais; visto o informe do titular da asesoría xurídica do 2.03.05, e de acordo co informe-proposta do xefe Admtvo. de Vías e Obras, do 10.03.05, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área, o enxeñeiro industrial e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescripcións técnicas para o contrato de subministro de enerxía eléctrica elaborado polo servizo de Electromecánicos con data 29 de xuño de 2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 12 de xaneiro de 2005 para á contratación por concurso aberto do subministro de enerxía eléctrica para o servizo de Electromecánicos.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica para as distintas instalacións do Concello con cargo á partida 432.4.221.00.00 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 3.104.089,54 €

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

24(314).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes emitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAG O	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTE	S/FAV
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0501144	9.000,00	9.000,00		
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0501408	1.200,00	1.170,10	29,90	
FERNANDEZ LOPEZ VICENTE	0507405	191,81	191,81		
LATAS PARADA ANGEL	0510650	570,00	570,00		
“	0510655	736,00	523,20	212,80	
“	0510664	305,01	305,01		
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	0458754	300,00	300,13		
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0457785	12.000,00	11.275,20	724,80	
“	0511175	29.330,60	29.330,60		
ROCHA PARAMES CESAREO	0504487	300,00	346,62		46.62
TOTAL			53.012,67		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(315).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS EN MERCADOS RETALLISTAS E ZONAS COMERCIAIS. Expte. 1620/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 7.04.05, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Solicitar diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ao abeiro da Orde de 18 de febreiro de 2005, publicada no DOG nº 42, con data 2 de marzo, para investimentos en mercados retallistas e zonas peonís-comerciais, subvencións para realizar as obras no mercado de Cabral , así

como investimentos nas zonas comerciais de Zona Centro, Casco Vello, Príncipe e Calvario, segundo os conceptos e contías que se describen no seguinte cadro:

INMOBLE/ZONA	CONCEPTO	PRESUPOSTO TOTAL	SUBVENCION SOLICITADA
Zona Centro	Colocación Xardiñeiras colgantes	17.142,85	12.000,00
Casco Vello	Colocación Xardiñeiras Colgantes	17.142,85	12.000,00
Calvario	Colocación Xardiñeiras Colgantes	28.500,00	19.950,00
Príncipe	Colocación Xardiñeiras Colgantes	23.910,00	16.737,00
Mercado do Cabral	Construcción e montaxe de peches e cristaleira antivandálica en fachada e laterais	23.188,40	16.231,88
Mercado Cabral	Reparación baños e adaptación minusválidos	5.510,00	3.857,00
Mercado Cabral	Construcción de tres rampas de acceso minusválidos e de carga e descarga clientes	39.133,78	27.393,64
Mercado Cabral	Limpeza graffitis e pintura fachada	3.828,00	2.679,60
	TOTAL	158.355,88	110.849,12

26(316).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DA PÉRGOLA DE JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 39422/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 3.08.05, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e o prego de cláusulas administrativas do 16.03.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico do área de Servizos Xerais, ambos para a contratación por procedemento restrinxido a través de concurso das obras de reconstrucción da pérgola de Jenado de la Fuente; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica do 1.04.05 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 16.03.05, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras de reconstrucción da Pérgola de Jenaro de la Fuente.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 16 de febreiro do 2005 para á contratación polo procedemento restrinxido obras de reconstrucción da Pérgola de Jenaro de la Fuente.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras de reconstrucción da Pérgola de Jenaro de la Fuente con cargo á partida 511.0.611.00.11 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 250.168,45 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso restrinxido para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

27(317).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DR. GONZÁLEZ SIERRA. EXPTE. 39428/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 3.03.05, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e o prego de cláusulas administrativas do 16.03.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico do área de Servizos Xerais, ambos para a contratación por procedemento aberto a través de concurso das obras de humanización da rúa Dr. González Sierra; visto o informe do titular da Asesoría Xurídica do 1.04.05 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 16.03.05, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o concelleiro delegado de dita Área e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato das obras do “ Proxecto de humanización da rúa Dr. González Sierra “.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 16 de febreiro do 2005 para á contratación polo procedemento de concurso das obras do “ Proxecto de humanización da rúa Dr. González Sierra “.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do “ Proxecto de humanización da rúa Dr. González Sierra “ con cargo á partida 511.0.611.00.12 do presuposto do 2005 e por un importe máximo de 388.199,06 €

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

28(318).-CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE SEIS ADMINISTRATIVOS POR PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 15698/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 5.04.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 18 de xaneiro de 2005, a directora de Ingresos solicitou a adscripción de dous auxiliares e dous administrativos, para paliar de xeito urxente a grave situación na que se atopaba a administración de tributos en canto a falta de medios humans, que afectaba de forma grave a xestión de ingresos e en particular, a atención ós contribuíntes en ventanilla.

Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), executada no pasado ano, preveíase expresamente na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada, ó igual coa lista de administrativos de administración xeral, xa que as prazas convocadas ofertáronse pola tanda de promoción interna.

Consecuentemente, resultou preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permitise, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas, polo que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 7 de febreiro pasado, autorizou o pertinente proceso selectivo para proceder a contratación de dous auxiliares e dous administrativos, por acumulación de tarefas, que unha vez seleccionados pola correspondente comisión de valoración, foron contratadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 3 e 18 de marzo ppdo.

Con posterioridade e por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2005, acordouse a contratación dos seis auxiliares administrativos que figuraban aprobados nas probas de selección ó que se refire o parágrafo anterior, polo que novamente a lista de substitucións atópase esgotada.

O Director do Museo municipal “Quiñones de León”, con datas 2 de outubro e 28 de decembro de 2004, co conforme do concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, solicita unha auxiliar para poñer ó día a inxente cantidade de traballo pendente pola acumulación de tarefas, derivada do incremento de exposicións, de información sobre obras, artistas, arqueoloxía, tramitación de préstamos de obras, etc..

Así mesmo, con data 28 de xaneiro do ano que andamos, o xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, co conforme da concelleira-delegada do dito servizo, solicita cubrir unha vacante –por baixa voluntaria o derradeiro 31 de decembro dunha auxiliar interina.

Con data 4 de marzo ppdo., a concelleira de distrito de Coia, solicita, así mesmo, a adscripción dunha auxiliar, xa que a que prestaba os seus servizos no mesmo, tomou posesión da mesma praza na Xerencia municipal de urbanismo, por ter aprobado recentemente unha oposición convocada ó efecto.

Polo mesmo motivo precedente, pero ocorrido no departamento de Cultura, o xefe do mesmo, co conforme do concelleiro-delegado da área de asuntos sociais, solicita cubrir o posto vacante de administrativo da unidade, xa que a persoa que estaba adscrita aprobou a mesma oposición que a do precedente apartado na Xerencia municipal de urbanismo.

Así mesmo, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, con data 1 de abril ppdo., solicita a adscripción urxente dun auxiliar por acumulación de tarefas e co fin de poder levar ó día os temas que se tratan na Xunta de Goberno, situación que se agravará co inicio das vacacións estivais do persoal de Secretaría Xeral e Actas.

Por último, o titular da Asesoría Xurídica municipal, con data 5 de abril do ano que andamos, solicita a adscripción de alomenos un ou unha auxiliar para o bó desenvolvemento do servizo, xa que neste intre só contan con unha xefa de negociado e unha auxiliar (esta última atópase embarazada, polo que dentro de pouco disfrutará do regulamentario permiso por maternidade) e é a todas luces insuficiente para poder tramitar tódolos asuntos deste departamento que urxe despachar por contar con prazos establecidos para facelo.

Na acta de data 16 de marzo ppdo. da comisión de valoración encargada da selección de dous administrativos, figuran D^a Paula Facorro González, NIF 36.149.634-M; D^a Gilda Inés González Hernández de Marín, NIF X-5.002.718-B; D. Ignacio de Loyo Campos Posada, NIF 36.062.422-D; D^a Aurea Cerviño Montenegro, NIF 36.101.950-T; D^a M^a del Pilar Barreiro Magdalena, NIF 36.069.786-J e D^a Sara Lis Riobó, NIF 36.138.798-W, aspirantes que superaron a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos números 3º, 4º, 5º, 6º, 7º e 8º respectivamente.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de

novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, a lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo iso a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Enténdese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 2/2004, de 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2005, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

Primeiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos como administrativos/as por un período de tres meses (do 13 de abril ó 12 de xullo de 2005) a D^a Paula Facorro González, NIF 36.149.634-M; D^a Gilda Inés González Hernández de Marín, NIF X-5.002.718-B; D. Ignacio de Loyo Campos Posada, NIF 36.062.422-D; D^a Aurea Cerviño Montenegro, NIF 36.101.950-T; D^a M^a del Pilar Barreiro Magdalena, NIF 36.069.786-J e D^a Sara Lis Riobó, NIF 36.138.798-W, aspirantes que superaron a proba de que constou a contratación e que obtiveron os postos números 3º, 4º, 5º, 6º, 7º e 8º respectivamente, baixo a modalidade contractual –contrato por acumulación de tarefas-, que está definido para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, do 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Segundo.- O referido persoal prestará os servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais demandantes das contratacións propostas e percibirá as retribucións correspondentes ó posto cód. 105-administrativos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(319).-PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE CESIÓN INDEFINIDA DE TERREOS ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMUNIDADE DE MONTES DE BEADE PARA A UBICACIÓN DE DEPÓSITOS PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA DA PARROQUÍA DE BEADE. EXPTE. 4579/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 18.02.05, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Na reunión celebrada o 21 de setembro de 2.004 na XMU, entre os representantes do Concello (coa asistencia de varios técnicos), Ministerio de Fomento, a AVV de Beade, da Comunidade de Montes de Beade, "Aqualia", púsoxe de manifesto (entre outras cuestións) a necesidade de acometer unha obra de construción dun depósito de auga nos terreos propiedade da Comunidade de Montes de Beade. Así mesmo, os representantes da Comunidade de Montes de Beade plantexan a necesidade de acometer unhas obras de construción dun colector na zona e a súa inclusión do mesmo no futuro plan de saneamento da parroquia de Beade.

Nos terrenos que se pretenden ocupar polos depósitos de auga, foron afectados pola construción da obra "Segundo Cinturón do Concello de Vigo" e que no seu momento, estaba ubicado o campo de fútbol denominado "Campo de Mirador de Presa". Segundo consta no proxecto de reposición de infraestruturas e obras derivadas da execución da obra do "Segundo Cinturón", a parcela a ocupar é de 400 metros cuadrados.

Consta no expediente informe da arquitecta municipal de 8 de febreiro de 2.005, sobre viabilidade urbanística da construción dos depósitos de auga, no que se conclúe o seguinte: "Polo exposto pode concluirse que a instalación que se pretende de depósito de auga nos terreos propostos pola Comunidade de Montes de Beade é compatible co Planeamento municipal, PGOU aprobado o 29 de abril do 1993, co PXOM aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2.004 e co réxime de Solo Rústico de protección de infraestruturas da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04. Terase en conta a necesidade de tramitar a autorización previa da Comunidade Autonómica no caso de que a instalación supere os 50 metros cuadrados."

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Constitución española (artigos 1, 9, 33, 132, 149.1.18º etc...)
2. Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Real decreto legislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
3. Lei 5/97 de administración local de Galicia.
4. Real decreto 1.372/86, de 13 de xuño, de bens das Corporacións locais.
5. Lei 55/80, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común.
6. Lei 13/89 de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
7. Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
8. Decreto 260/92, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento de montes veciñais en man común.

9. *Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.*

FUNDAMENTOS LEGAIS

1. *Competencia municipal para a prestación de servizo de abastecemento e saneamento.- O artigo 25.2.l da Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei de bases de réxime local, outorga a competencia ós Municipios para a prestación do servizo de subministro de auga e tratamento de augas residuais. Esta competencia ten que prestarse de xeito obrigatoria por todos os Municipios, tal e como se establece o artigo 26 da Lei 7/85.*
2. *Natureza xurídica do ben necesario para a construción e posta en funcionamento dos depósitos de auga para a prestación do servizo de abastecemento á parroquia de Beade.- Segundo se deduce do exame expediente, a parcela que se pretende ocupar para a construción dos depósitos de auga está clasificada como de monte veciñal en man común. O réxime xurídico detes bens de natureza privada, ven derivado maiormente do costume e polas Leis de montes veciñais en man común (Lei estatal 55/80 e autonómica 13/89). Os principios inspiradores do réxime xurídico dos montes veciñais en man común, son os de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade. Únicamente prevense certas excepcións o principio de inalienable, permitindo incluso a expropiación sempre que concurra utilidade pública ou interese social.*
3. *Posibilidade de subscripción dun convenio coa Comunidade de montes de Beade para a cesión temporal dun terreo para a ubicación duns depósitos de auga.- Tanto a Lei 55/80 (artigo 3.1), como a Lei 13/89 (artigo 5) prevén un suposto de cesión temporal ou indefinido de uso de terreos clasificados como monte veciñal en man común, para fins que redunden de xeito principal en beneficio directo da comunidade de veciños. Concretamente o artigo 3.1 da Lei 13/89, dispoñe: "...Non obstante su inalienabilidade, poderán estes montes ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, para obras, instalacións, servizos ou fins que redunden de modo principal en beneficio directo dos veciños...". Seguindo a Antonio Díaz Fuentes ("Montes vecinales en mano común". Editorial Bosch. 1.999), dicir que beneficio sexa directo para os veciños significa que se encamine directamente a eles, no que redunde en eles a consecuencia de efectos intermedios. Así mesmo principal, de tal xeito que o promotor da obra ,instalación ou explotación, haberá de contentarse cun beneficio secundario con respecto o que reciban os veciños. A natureza xurídica da cesión contemplada na lexislación sectorial é semellante a prevista no Código civil en sede de servidumbres voluntarias (artículos 594 e seguintes). Non obstante, estímase que sería máis aconsellable a utilización da figura contemplada na Lei 55/80 e 14/89, cando se refire a cesión indefinida de uso para fins que redunden sempre na comunidade. O convenio é o instrumento axeitado como documento no que se recollan as condicións básicas que regularán a relación do Concello coa Comunidade de montes de Beade.*
4. *Necesidade de informe previo da Consellería de medio ambiente.- O artigo 5 do Decreto 260/92, de 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei de montes veciñais en mano común, prevé expresamente a posibilidade de proceder á cesión con carácter indefinido, pero esixe con carácter previo a emisión de informe previo da Consellería de agricultura, gandería e montes (hoxe atribuída á Consellería de Medio Ambiente). Polo tanto, previa a sinatura do convenio e o inicio dos efectos contido no mesmo (ou condicionar o mesmo ó sentido do informe), procede a remisión á Consellería de Medio Ambiente*

(Subdirección xeral de recursos forestais). Non obstante, sería aconsellable que se aportase o expediente proxecto no que se describan as instalacións e a ocupación precisa.

5. *Condicións a incluír no texto do convenio.- Como quedou dito a previsión temporal de cesión é indefinida, e se manterá a mesma sempre que o uso da instalación sexa o de depósito de auga para o abastecemento da parroquia de Beade. Esta condición é imposta pola propia Comunidade de montes de Beade e a súa vez requisito legal indispensable para a formalización do convenio de cesión. Por outra parte, deberíase prever que a utilización das instalacións serán sempre realizada polo Concello ou pola concesionaria do servizo. Deben determinarse e describirse a posibilidade de imposición de servidumbres de paso de redes de abastecemento de auga ou mesmo de paso ás instalacións que se poideran construír. Na acta da reunión celebrada o 21 de setembro de 2.004 entre representantes do Concello de Vigo, o Ministerio de Fomento e a Comunidade de montes de Beade e a A.VV de Beade, estableceuse como condición de non imposición de canon pola ocupación, a execución dunha obra de saneamento da parroquia, aínda por definir no proxecto técnico que corresponda.*
6. *Situación na que se encontraría a instalación de abastecemento de auga no caso de que sexa imposible a continuación da cesión do terreo.- A Comunidade de montes terá dereito a facer súa a propiedade da instalación dos depósitos de auga ó término da cesión, sempre que se dean as condicións para a perda de efectos da mesma (artigo 361 do Código civil). En todo caso, deberá mediar indemnización. Pode establecerse que ésta se substitúa por unha vinculación da instalación ó servizo de abastecemento dos veciños de Beade. Polo tanto, precísase que no convenio a asinar se vincule a instalación á prestación de servizo indicado, mentras esté no estado de uso axeitado para tal fin e non exista outra instalación alternativa.*
7. *Compatibilidade da actuación pretendida co planeamento e a lexislación urbanística.- Segundo consta no informe da arquitecta municipal incorporado ó presente expediente, a actuación pretendida é compatible co planeamento actualmente en vigor (PXOU-93) e o aprobado inicialmente (30 de decembro de 2.004). No caso de que a instalación supere os 50 metros cadrados de ocupación, precisaríase de autorización autonómica previa tramitada conforme o artigo 41 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigo 33.2.f). Non obstante, podería non ser necesaria tal autorización, naquel caso de que a obra de construción da instalación, esté contemplada no proxecto de reposición de infraestruturas derivada da execución da obra do "Segundo Cinturón-Vigo". A execución da obra corresponderá en todo caso ó Ministerio de Fomento e con posterioridade será a instalación será afectada ó servizo público de abastecemento de auga municipal.*
8. *Adopción do acordo de cesión pola Comunidade de montes de Beade.- De acordo co artigo 18.1 (en relación co número 5º) da Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, previa á sinatura do presente convenio deberase acreditar que adoptado o acordo na asemblea xeral da Comunidade de montes de Beade, co voto favorable dos presentes que representen ó menos o 50% do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30% en segunda.*
9. *Organo competente municipal para a aprobación da proposta de convenio.- De acordo co previsto no artigo 127.1f. da Lei 7/85 (mod. pola Lei 57/03), de 2 de abril, de bases de réxime local a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local.*

De acordo co previsto nos fundamentos legais e xurídicos contidos no presente informe se propoñe á Xunta de Goberno Local..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar o convenio específico de cesión con carácter indefinido de terreo sito na parroquia de Beade (antigua ubicación do campo de fútbol "Mirador de Presa") para a ubicación dun depósito de auga para a prestación do servizo de abastecemento á parroquia de Beade.

2º.- Outorgar un prazo de audiencia á Comunidade de montes de Beade, tendo en conta que previamente á sinatura do mesmo, se deberá achegar certificado de aprobación da cesión coas maioría contida no artigo 18.1 da Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

3º.- Unha vez que se conte coa conformidade da Comunidade de montes de Beade, de acordo co previsto no artigo 5º do Decreto 260/92 de 4 de setembro, se deberá solicitar informe á Consellería de Medio Ambiente.

4º.- Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa (ou concelleiro delegado ó efecto) para a sinatura do documento mencionado e para a resolución de todas as incidencias e decisións que poidan xurdir na execución das previsións conveniadas.

CONVENIO ESPECÍFICO DE CESIÓN INDEFINIDA DE TERREOS ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMUNIDADE DE MONTES DE BEADE, PARA A UBICACIÓN DE DEPÓSITOS PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA DA PARROQUIA DE BEADE.

En Vigo,.....

REUNIDOS

Dunha parte a Excm. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte o Sr. Presidente da Comunidade de montes veciñais en man común de Beade.

EXPOÑEN

- 1. Que o Concello de Vigo precisa do espacio onde se ubicaba o Campo de Fútbol "Mirador de Presa", terreo clasificado como de monte vecinal en man común da Comunidade de Beade, para a posta a disposición do Ministerio de Fomento para a construción e posta en funcionamento dunha instalación de subministro de auga á parroquia de Beade. A obra está incluída dentro do proxecto constructivo de reposición de infraestructuras derivado da execución da obra do "Segundo Cinturón-Vigo". A necesidade da utilización dos terreos, foi posta de manifesto na reunión celebrada o 21 de setembro de 2004 na Xerencia Municipal de Urbanismo, celebrada entre representantes do Concello, Comunidade de Montes de Beade, AAVV de Beade e do Ministerio de Fomento (entre outros). O borrador do acta da referida reunión incorpórase ó texto do convenio.*

2. *A Comunidade de montes, na sesión da Asamblea Xeral de.....acordou a cesión indefinida do terreo en cuestión para a instalación dos depósitos de auga, vinculando a mesma a que sexa destinado o terreo unicamente á prestación do servizo de abastecemento de auga do lugar.*
3. *De acordo co establecido no artigo 5º do Decreto 260/92, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento da lei de montes veciñais en man común, a Consellería de Medio Ambiente informa favorablemente a cesión o.....*
4. *A clasificación urbanística da parcela que a Comunidade de montes de Beade cede ó Concello está clasificado no PXOG -93 como de equipamento deportivo (ordenanza 3.2) e equipamento comunitario para outras institucións (ordenanza 4.5). No planeamento aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2.004, a parcela que na que se pretende ubicar a instalación de subministración de auga, está clasificada como rústico de protección de infraestructuras. Según o informe da arquitecta municipal en ambosdous planeamentos é compatible a actuación pretendida co planeamento e coa lexislación aplicable. De todos os xeitos a obra está contemplada no proxecto técnico elaborado polo Ministerio de Fomento de reposición de infraestructuras pola execución de obras do "Segundo cinturón-Vigo".*

En base a estes antecedentes, as partes intervintes acordan formalizar un Convenio específico para a cesión con carácter indefinido dunha parcela sita na parroquia de Beade de 400 metros cuadrados para a ubicación dunha instalación de abastecemento domiciliar de auga potable para a aludida parroquia.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste Convenio é regular a cesión dun terreo de 400 metros cuadrados ó Concello de Vigo clasificado como monte veciñal en man común correspondente á Comunidade de montes de Beade, segundo plano adxunto ó presente convenio que formará parte do mesmo.

SEGUNDA.- A Comunidade de Montes de Beade se compromete a ceder de xeito indefinido o terreo descrito na cláusula primeira para a ubicación dunha instalación de abastecemento de auga que redunde de forma directa á parroquia de Beade, de acordo co previsto no artigo 3.1 da Lei estatal 55/80 e 5 da Lei autonómica galega 13/89, ambas de montes veciñais en man común. Así mesmo, tolerará o paso das redes de infraestructuras que sexan necesarias para a posta en funcionamento da instalación.

TERCEIRA.- A Comunidade de montes facilitará ó Concello de Vigo (ou o seu concesionario) o pacífico e adecuado uso da instalación de abastecemento de auga, mentres a mesma sexa destinada ao fin exposto na cláusula primeira.

CUARTA.- A instalación, mentres estea nas condicións adecuadas para elo, estará afectada á prestación do servizo de abastecemento de auga, aunque se dean as condicións previstas no presente convenio para o cese de efectos da cesión.

QUINTA.- Pola cesión do terreo descrito non se prevé ningún tipo de retribución ou canon. Naquel caso que dende a sinatura do presente convenio transcorreran 5 anos e non se executaran as obras de saneamento aludidas na reunión de 21 de setembro de 2.004 celebrada entre representantes da XMU, do Ministerio de Fomento, da Comunidade de montes e da A.VV de Beade, procedería a devolución dos terreos cedidos que son obxecto do presente convenio.

SEXTO.- O Concello de Vigo se compromete a execución das obras de saneamento previstas e tratadas na reunión celebrada o 21 de setembro de 2.004 entre os representantes da XMU, do Ministerio de Fomento, da Comunidade de montes e da A.VV de Beade.

SÉTIMO.- O Concello de Vigo se compromete a utilizar a instalación e os terreos de xeito dilixente, adoptando cantas medidas correctoras sexan necesarias para minimizar os efectos molestos que poidera xerar tanto para os veciños como para o propio Medio Ambiente.

OITAVO.- O Concello de Vigo se compromete a deixar o terreo no estado primitivo e orixinario naquel caso de que a instalación deixe de prestar o servizo que motivou a súa construción.

30(320).-SOLICITUDE AO DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DE DECLARACIÓN DE ZONAS DE BAÑO HABILITADAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 915/313.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe do director do Laboratorio Municipal do 7.04.05, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda aprobar a solicitude dirixida ao director xeral da Saúde Pública da declaración de zonas de baño habilitadas das praias que se relacionan de seguido:

- Praia do Portiño
- Praia dos Muíños de Fortiñón (Saians)
- Praia da Sobreira
- Praia do Xunqueira (Fuchiños)
- Praia de Canido
- Praia de Toralla
- Praia do Vao
- Praia do Baluarte
- Praia de Fontaiña (Sirena)
- Praia de Calzoa (Barcas)
- Praia de Foz
- Praia de Samil
- Praia da Argazada (Azul)
- Praia do Cocho das Dornas
- Praia do Tombo do Gato (A Fonte)
- Praia de Fontes (Olmos)
- Praia de Mourisca
- Praia de Sta Baia
- Praia de Carril
- Praia do Adro (Bouzas)
- Praia da Punta (A Guía)
- Praia de Mende
- Praia de Figueiras (Cíes)
- Praia de Rodas (Cíes)
- Praia de Carracido (Cíes)

31(321).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. Ignacio López-Chaves Castro.